

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE NOVEMBRO DE 2015.

ASISTENTES:

Presidente:

D.º Gonzalo Concheiro Coello

Concelleiros:

D. María Jesús Novo Gómez

D. Elisardo Montero Castro

D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

D.ª Carmen Gomez Otero

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 14:30 horas do día vinte e seis de novembro de 2015, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. Gonzalo Concheiro Coello

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Carmen Gomez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/10/2015, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/10/2015.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1. ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1. APLICACIÓN E INTERPRETACIÓN DA LEI DE RACIONALIZACIÓN E SOSTENIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Pola secretaría dáse conta das aclaracións enviadas polo Secretario do Estado de Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, rexistro de entrada neste concello co nº 2832 en data 09/11/2015, nas que se informa e aclaran as posibles dúbidas sobre a aplicación e interpretación de disposicións da Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados.

2.1.2. CERTIFICO DA CANTIDADE QUE SE LIQUIDARÁ Ó CONCELLO DE BOIMORTO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE Ó 3º TRIMESTRE DO 2015

Pola secretaría dáse conta do escrito enviado pola xefa territorial da Consellería de Política Social, rexistro de entrada neste concello co nº 2805 en data 06/11/2015, na que certifica a canti-

dade que se liquidará e transferirá ao concello de Boimorto pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia), correspondente ao 3º trimestre de 2015. Importe: 23.340,63 €.
Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados.

2.1.3. RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE APROBA O PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DE CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DURANTE O EXERCICIO 2015

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada pola Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 2948 en data 25/11/2015 na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ó abeiro da convocatoria publicada no BOP do 16/02/2015 do exercicio 2015.

O importe que se vai aboar é de 7.650,00 €.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados.

2.1.4. RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO A ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2015

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada pola Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 2947 en data 25/11/2015 na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ó abeiro da convocatoria publicada no BOP do 31/10/2014 correspondente o exercicio 2015.

O importe que se vai aboar é de 532,50 €.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados.

2.1.5. SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SECCIÓN 3ª DA CORUÑA NO RECURSO P.O. 11108/2007

Pola secretaria dáse conta da sentenza no recurso P.O. 11108/2007 na que se estima en parte o recurso interposto contra a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto pola entidade actora concello de Pastoriza contra a resolución de 11 de xullo de 2007 pola que se publica a relación de solicitudes de autorización para a instalación de Parques Eólicos singulares admitidas a trámite ó amparo da Orde de 17 de decembro de 2004, ós efectos de anular a resolución impugnada na súa integridade acordando a súa retroacción ó momento inmediatamente anterior ó 13 de xuño de 2007 no que se constituíu a comisión de valoración das solicitudes de autorización para a instalación de parques eólicos singulares admitidas a trámite ó amparo da Orde de 17 de decembro de 2004. Sen pronunciamento sobre as costas causadas nesta instancia.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados.

2.1.6. NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN 2015/23438 DO 26/10/2015 POLA QUE SE CONCEDE UNHA PRÓRROGA DO PRAZO PARA A EXECUCIÓN DE VARIAS OBRAS COFINANCIADAS POLA DEPUTACIÓN

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada pola Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello 2777 en data 03/11/2015, na que se concede unha ampliación do prazo de execución da obra recuperación de espazo público en Santarandel (achega a Deputación 14.448,76 €), ampliándose ata o 30 de xuño de 2016.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- ESCRITO DE D. JOSÉ RAMÓN LAMAS GARCÍA SOLICITANDO A COLOCACIÓN DUN PUNTO DE LUZ NO LUGAR DE GÁRDOMA (BOIMIL)

Pola secretaria dáse conta da instancia presentada por D. José Ramón Lamas García DNI número 78788063 e con domicilio a efectos de notificacións en rúa Sargento Veiga Pérez nº 6 1º, 15009 A Coruña, rexistro de entrada neste concello co número 2870 en data 13/11/2015, na que solicita a colocación dun punto de luz para a vivenda construída no lugar de Gárdoma da parroquia de Boimil.

Tendo en conta que a vivenda conta con licenza municipal de obras (LO 5/2015) outorgada por Decreto da Alcaldía 318/2015 de data 02/07/2015 e o solicitante abonou a cantidade correspondente ao ICIO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A colocación dun punto de luz en frente á vivenda de D. José Ramón Lmas García, sita no lugar de Gárdoma da parroquia de Boimi, ao carón da vía pública.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS

3.1.1.- LICENZA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE PARA PROXECTO DE MELLORA MEDIOAMBIENTAL DE EXPLOTACIÓN UBICADA NO LUGAR DE ORROS, PARROQUIA DE ANDABAO, A INSTANCIA DE D. JESÚS SEOANE TABOADA EN REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE SAT SEOANE Nº 843 XUGA.

Visto o escrito número 2828 de data 09/11/2015 no que por D. Jesús Seoane Taboada actuando en representación da entidade Sat Seoane nº 843 Xuga solicita a visita de comprobación ás instalacións destinadas á actividade de mellora medioambiental de explotación gandeira ubicada no lugar de Orros, parroquia de Andabao, acompañado de certificado final de obra acreditando que se adoptaron as medidas correctoras impostas na licenza provisional outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/11/2008 e se conceda a licenza para a posta en funcionamento da actividade.

Considerando que o expediente foi tramitado polo Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas e disposicións complementarias e tendo en conta a resposta dada polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en relación á consulta realizada na tramitación doutro expediente polo RAMINP e que sinala que a cualificación ambiental feita é válida segundo a disposición transitoria do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental. (Escrito de data 02/10/2012 rexistro de entrada nº 1590).

Realizada a visita de comprobación o día 18 de novembro de 2015 por D. Ángel Delgado Cid para o outorgamento de licenza definitiva de actividade, no que se acredita mediante acta cumprimentada que a actividade axústase ao proxecto presentado e que se adoptaron as medidas correctoras sinaladas cana autorización provisional.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder a D. Jesús Seoane Taboada, en representación da entidade Sat Seoane nº 843 Xuga licenza definitiva de actividade de mellora medioambiental de explotación gandeira sita no lugar de Orros, parroquia de Andabao, actividade a desenvolver cumprindo as medidas correctoras que constan no expediente.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por licenza de apertura de establecementos en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto, que deberá ser ingresada previamente, sen a cal a licenza non producirá efecto ningún.

Base imponible superficie ocupada = 158 m2

Tipo = 1 €/m2

Cota a ingresar: 158 Euros.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado e indicarlle que debe pasar polas oficinas municipais a retirar a licenza definitiva, xa que tal documento acreditaralle o dereito a exercer a referida actividade.

3.1.2.- CAMBIO DE TIULARIDADE EN LICENZA DE ACTIVIDADE. SOLICITANTE: LUÍS VERA VÁZQUEZ. ESTABLECEMENTO: CAFÉ-BAR “BOBBY” EN RÚA CAMPO DO ROSARIO Nº 6 - BOIMORTO.

Visto o expediente incoado por D. Luís Verea Vázquez, con DNI 44826264T de cambio de titularidade que figura a nome de Dna. Consuelo Vázquez Parga, a licenza de café-bar, denominado “Bobby”, sito en rúa Campo do Rosario número 6 (Boimorto), así como a documentación aportada.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Tomar razón e autorizar o cambio de titularidade da licenza de actividade de café-bar denominado “Bobby”, sito en rúa Campo do Rosario nº 6 (Boimorto).

SEGUNDO.- En consecuencia, conceder a favor de LUÍS VERA VÁZQUEZ o cambio de titularidade da Licenza de actividade coas mesmas características que a licenza orixinaria; e sen prexuízo das restantes autorizacións que no seu caso lle corresponda outorgara outros organismos públicos. Do mesmo xeito, o cambio de titularidade outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

TERCEIRO.- Notificar tanto ao transmitente como ao adquirente o presente acordo.

3.2.- AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- BAIXA NA CONEXIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 2819, con data 06/11/2015 presentada por Dna. María Luisa Rúa Peteiro con DNI 32427624Q, con domicilio a efectos de notificación en rúa Rafael Alberti nº 19 ° C, A Coruña, na que solicita a baixa da conexión do servizo de subministro de auga potable e do contador así como no servizo de recollida de lixo correspondente á vivenda do seu difunto esposo D. Carlos Rodríguez Vázquez, sita no lugar de Pazo núm. 2, parroquia de Arceo, deste termo municipal.

Considerando que a interesada aporta documento de confirmación de baixa do contrato polo subministro de enerxía eléctrica da referida vivenda.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de rede de abastecemento de auga e a ordenanza nº 6 reguladora da taxa por recollida de lixo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo e contador de auga número 99-314803 e o recibo de recollida de lixo que figura a nome de D. Carlos Rodríguez Vázquez, correspondente ao inmovible sito

no lugar de Pazo nº 2 da parroquia de Arceo, na elaboración do padrón fiscal correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2015.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e ao encargado de servizos municipais para que proceda ao corte de subministro de auga do inmovible sito no lugar de Pazo 3, parroquia de Arceo, deste termo municipal

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 8/2015) PARA INSTALACIÓN DE CHIMENEA E REPARACION DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR AISLADA SITA NO LUGAR DE AROSA, PARROQUIA DE ARCEO, TRAMITADA A INSTANCIA DE DNA. MERCEDES SÁNCHEZ PETEIRO

Visto o expediente de solicitude de licenza de obras de reforma/consolidación (OB-003), tramitado a instancia de Dna. Mercedes Sánchez Peteiro con DNI núm. 33292106C, e domicilio a efectos de notificacións en Lg. Arosa - Arceo 15818 Boimorto (A Coruña), en virtude da instancia con rexistro de entrada no concello co número 2884 en data 16/11/2015 para o “Proxecto técnico para instalación de chimenea y reparación de cubierte en vivienda unifamiliar aislada)” no lugar de Arosa, parroquia de Arceo, na parcela con referencia catastral 001501700NH66F0001EZ redactado polo arquitecto técnico D. Miguel Rey Vázquez, colexiado número 2.710, constando o oficio de dirección de obras. A parcela está clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

Visto o informe de secretaría de procedemento de data 18/11/2015

Visto o informe favorable de outorgamento de licenza urbanística de obra maior do servizo técnico municipal asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, con data 23/11/2015.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a Dna. Mercedes Sánchez Peteiro, con DNI núm. 33292106C (LO 8/2015), para realización das obras de instalación de chimenea e reparación de cuberta en vivenda unifamiliar aislada sita no lugar de Arosa, parroquia de Arceo (solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo sendo nomeado director de obra ao arquitecto técnico D. Miguel Rey Vázquez, colexiado nº 2710

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.

.- As obras a realizar consisten en:

.- Substitución das lousas deterioradas da cuberta (109 m2 aproximadamente) por outras novas con ganchos de aceiro inoxidable, substitución dun canalón actual por outro novo de aluminio de características similares, e instalación dun conduto de aceiro inoxidable de dobre parede (cheminea) en uno dos falóns da cuberta, revestido na súa parte exterior.

.- De conformidade co disposto nos artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinala construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 8/2015

Presuposto de execución material da obra: **6.677,00 €.**

Liquidación 2%: **133,54 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo á Dna. Mercedes Sánchez Peteiro indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia, e tendo en conta o informe de secretaría-intervención Ref.: CB-1/2015, por unanimidade

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
1501144588-31/10/15	Autopistas del Atlántico Concesionaria Española, S.A. / A-15020522	Peaxe viaxe a Coruña nas datas 1/10/15 e 28/10/15	4,82 €
2715200049-15/11/15	Interparking Hispania, S.A. Vías y Construcciones, S.A. / ESU83458570	levar usuarios da residencia a consulta médica ao hospital no mes de outubro 2015	9,45 €
924009-11/11/15	Ferretería Noguero S.L. / B15970510	Lona térmica celebración magosto 2015	19,60 €
Autoliquidación nº A-1841778-26/11/2015	Consellería de Facenda	Taxa tramitación autorización modificación substancial da residencia e centro de día (ampliación)	60,00 €
2015015041882-31/10/15	Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A. / ESA83052407	Franqueo pagado outubro 2015	94,56 €
2015015394474-30/09/15		Franqueo pagado setembro 2015	115,55 €
1177010034-08/10/15	Labagua, S.A. / A03637899	Servizo de análise abastecemento municipal de auga setembro 2015	464,23 €
3/2015-31/10/15	Raquel Prieto Souto / 47379697L	Servizo de podoloxía residencia, centro de día e servizos externos outubro 2015. Adx. Contrato menor Decreto 403/2015	406,00 €
12-S-14/10/15	Mª. Lourdes Vereá Seoane / 76510236T	Material servizo de augas	190,51 €
12-Q-14/10/15		Dous paquetes de pilas para informática	7,90 €
12-O-14/10/15		Material Festival de la Luz 2015	317,83 €
12-M-14/10/15		Material para colocación de barandilla en Casal de Munín	10,15 €
12-LL-14/10/15		Material reparacións na piscina	74,55 €
12-L-14/10/15		Material de limpeza residencia	123,60 €
12-K-14/10/15		Material reparacións residencia	51,15 €
12-J-14/10/15		Material reparacións no colexio	14,45 €
12-I-14/10/15		Material manualidades	13,35 €

12-H-14/10/15		Bote de sprai mata moscas para o polideportivo	5,80 €
12-G-14/10/15		Material reparacións en áreas recreativas	7,74 €
12-F-14/10/15		Material reparación persiana no centro social municipal de maiores	2,50 €
12-E-14/10/15		Material reparacións casa de cultura	62,75 €
12-D-14/10/15		Material para bebeteca	25,89 €
12-C-14/10/15		Material reparacións no centro médico	100,81 €
12-B-14/10/15		Material eléctrico para alumado público	5,80 €
12-A-14/10/15		Material para taller	80,69 €
77/15-24/11/15	Cerne Ingeniería, S.A. / A-15056468	Honorarios por asistencia técnico urbanística novembro 2015	2.000,00 €
15A/005807-21/08/15	Toldos Gómez, S.L. / B15274459	Subministro de plástico invernadero para Festival de la Luz 2015	144,10 €
28-24/09/15	María García Liñeira / 76517938C	Tortillas e comidas Festival de la Luz 2015	125,25 €
10.139-28/09/15	Hermanos Vázquez, S.L. / B-15643315	Dúas rodas para a furgoneta de servizos sociais	200,50 €
A/2773-16/10/15	Autos Rico, S.L. / B15157357	Servizo de transporte prestado do 27 ao 31 de xullo de 2015	606,00 €
27/15-28/10/15	Xeitura: xestión do Patrimonio Cultural S.Coop.Galega / F32449514	Actividade de dinamización dentro do programa Ler Conta Moito 2015	125,00 €
Q-009/15-21/11/15	José Ángel Candal López / 32755022D	Actuación musical do grupo "Maraibo" rede cultural da Deputación 2015	300,00 €
104-23/11/15	Marta Iglesias Martín / 47362100V	Espectáculo Pizpireta e Rigolina rede cultural da Deputación 2015	700,00 €
CINCO/2015-23/11/15	Francisco Celso Catelo Agra / 32408951L	Actuación do grupo Dúo SonLatino no centro de maiores rede cultural da Deputación 2015	300,00 €
0101-1501239-31/10/15	Cogami Reciclado de Galicia, S.L. / B15467962	Recollida de residuos do 01/10/15 ao 21/10/15	95,36 €
06B/114-30/10/15	Coregal Parques e Xardíns, S.L. / B15731797	Mantemento zonas verdes outubro 2015	1.990,00 €
28-K580-635957-01/11/15	Telefónica Móviles España, S.A. / A-78923125	Teléfonos móbiles período 18/09/15-17/10/15	200,26 €
002191-19/11/15	Control de Plagas Andrade, S.L. / B-15989692	Cota bimestral polos servizos de control de plagas e legionella mes novembro 2015 nos centros municipais	686,83 €
0001096-01/11/15	Enfoque Soluciones TI, S.L. / B-47602651	Mantemento programa residencia novembro 2015	59,29 €
3120251454-30/09/15	Serunió, S.A.U. / ESA59376574	Servizo de alimentación da residencia e centro de día setembro	

		2015	5.334,98 €
00/076120-22/09/15 00/058917-22/07/15 00/087327-31/10/15	Dielectro Industrial, S.A.U. / A-15007750	Material eléctrico para o colexio Lámpadas para o alumado público Material reparacións alumado público	396,71 € 165,82 € 302,35 €
Recibo: 57305- 25/09/15	Grupo Cas- al&Asociados S.L./ B-94033578	Seguro de accidentes IX Carreira Pedestre e Canicross 2015 póliza 1300000564. Compañía Berkley España	147,34 €
OFFV15 3871- 31/10/15	Ofireyco, S.L. / B15342702	Bolígrafos e rollos papel para su- madora oficinas concello	16,70 €
103-14/11/15	Ángeles Íñiguez Casal / 76517968G	42 bolos de pan para o Magosto 2015	84,00 €
D150002137- 17/11/15	Fripor, S.L. / B- 15128143	Subministro de 152 quilos de tira refrixerada e 22 quilos de chorizo criollo magosto 2015	722,94 €
597-30/09/15 596-30/09/15 D- 1067-05/10/15 D- 1172-04/11/15 675-31/10/15 676-31/10/15 674-31/10/15 673-31/10/15	Juan López Sánchez / 34258362 T	Gasolina brigada incendios Gasolina desbrozadoras Gasóleo calefacción centro de saúde Gasóleo automoción Gasolina para desbrozadoras Gasolina brigada incendios Gasóleo automoción para o vehículo 7428FJK Gasóleo automoción para o vehícu- lo 5002HHB	290,00 € 55,00 € 610,00 € 2.425,00 € 72,00 € 59,00 € 54,95 € 85,00 €
004517-30/10/15	Fernando J. Sánchez García / 76505509B	Subministro de area para o colexio	245,98 €
A122423-06/10/15	Jim Sports Technology, S.L. / ESB15932304	Camisetas carreira pedestre 2015	566,28 €
FV/152461-31/10/15	Ramón Pampín Bango, S.L. / B-15290430	Descargador cisterna para repara- ción baño casa consistorial	21,01 €
A/669-15/07/10/15 A/670-15-07/10/15	Gestcalor S.L. / B- 94038106	Pellet de madeira caldeira de bio- masa centro social de maiores Pellet de madeira caldeira de bio- masa casa cultura-PAI	532,40 € 532,40 €
29-30/09/15 28-30/09/15	Supermercado Rey- Blanco / B70204631	Alimentación (café, leite, galletas) persoal camión 112 Festival de la Luz 2015 Material de hixiene para a residen- cia e centro de día	12,97 € 9,99 €
A/708-30/09/15	Suministros Indu- striaes Cire, S.L. / B15342652	Rollos banda sinalización parking Festival de la Luz 2015	265,95 €
A/35174-15/11/15	Suministros Médicos Vigueses Uno, S.L. / B36797637	Luvax vinilo para a residencia e centro de día	159,72 €
111.595-30/09/15 111.937-30/09/15	Recambios Santiagues- es, S.L. / B-15214349	Batería para o vehículo 5895GZW Pezas para cortacésped Material reparacións desbrozado-	113,14 € 40,03 €

111.938-30/09/15		ras	426,94 €
B/1247-30/09/15	Oscar Carreira García / 78796945A	Papel hixiénico Festival de la Luz	309,28 €
FE15 52.00-25/11/15	Construcciones González y González, S.L. / B15165004	Realización da obra: Mellora dos locais sociais de Arceo, Brates e Os Ánxeles. Investimto cultura Deputación 2015. Adx. Contrato menor Decreto 389/15 de 10/08/15	2.599,98 €
FE15 51.00-25/11/15		Realización da obra: Traslado de caseta de información turística e sinalización de elementos de interese. Investimento promoción turística Deputación 2015. Adx. Contrato menor Decreto 358/15 de 23/07/15	
FE15 48.00-11/11/15		Realización da obra: Mellora zonas verdes e subministro de contenedores. Investimento no ámbito de medio ambiente Deputación 2015. Adx. Contrato menor Decreto 351/15 de 22/07/15	
			11.275,69 €
5/01509692-25/10/15	Nea F3 Ibérica, S.L.U. / B-15361348	Mantemento fotocopiadora cor BH C35 e fotocopiadora cor KM C364 oficinas municipais período 23/09/15-23/10/15	322,84 €
5/01509693-25/10/15		Mantemento fotocopiadora cor BH C353 residencia período 19/09/15-19/10/15	115,26 €
0000338399-07/10/15	Willis Galicia Correduría de Seguros, S.A. / A36824845	Póliza nº 181248 Accidentes colectivos: seguro voluntarios Festival de la Luz 2015. Período de cobertura: 11.09.15 a 14.09.15 compañía Markel	108,05 €
3342397284-01/11/15	Schindler / A-50001726	Mantemento ascensores novembro 2015	267,75 €
229-31/10/15	Serán. Axuda no fogar María Belén Amado Fariña / 76368695R	Servizo de enfermería na residencia e centro de día outubro/2015 (Baixa de Pablo Mouriño). Adx. Contrato menor Decreto 419/15 de 21/08/15	2320,52 €
230-31/10/15		Servizo de enfermería na residencia de centro de día outubro 2015 (Vacacións ATS Estrella) Adx. Contrato menor Decreto 528/15 de 14/10/15	
695-30/10/15	José Manuel Vereá Castelo / 33245534T	Material para arranxos na casa do concello	8,89 €
694-30/10/15		Material para arranxos na casa da cultura	0,97 €
691-30/10/15		Material carreira pedestre	2,76 €
696-30/10/15		Tornillo de 12x70 para o trator	0,65 €

693-30/10/15 692-30/10/15 698-23/11/15		Material reparación no colexio Rollos de fío desbrozadora manual Oito gomas reparación grifo no albergue de peregrinos	18,09 € 49,61 € 2,42 €
699-23/11/15 700-23/11/15 701-23/11/15		Material servizo de augas Líquido fregasolos para microbús Dous plásticos cubre todo para casa consistorial	25,75 € 4,60 € 2,40 €
702-23/11/15 703-23/11/15		Material para o taller Material reparacións na residencia e centro de día	10,49 € 4,82 €
2-06/11/15 3-17/11/15	M ^a . Carmen Quintela Vázquez / 78796386L	Seis quilos de castañas magosto 2015 133 quilos de castañas magosto 2015	13,50 € 399,00 €
A1516088898-31/10/15	Northgate España Renting Flexible, S.A.U. / A28659423	Aluguer vehículo brigada incendios período 01/10/15 a 28/10/15. Adx. Contrato menor Decreto 405/2015	747,49 €
002989-03/11/15 002988-03/11/15 002987-03/11/15 002986-03/11/15 002985-03/11/15	J.M. Josmer, S.L. / B-15542988	Comida para o Festival de la Luz 2015 Material para o Festival de la Luz 2015 (abono, arame) Carbón vexetal, pastillas encendido Dous sacos de pellets calefacción PAI Cemento para poste en Dorneá	89,35 € 87,53 € 12,02 € 6,99 € 3,70 €
150698-01/11/15	Farmacia M ^a . José Vázquez Freire / 33277749S	Material de farmacia para a residencia e centro de día	171,42 €
B 944 - 13/10/15	Jobegosum S.L. / B70058268	Subministro de produtos médicos para a residencia	154,63 €
54-03/09/15	Alberto Penas Rey / 78787747M	Material para obras de mantemento	552,97 €
Emit-020150385-20/09/15	Algeco Construcciones Modulares, S.L.U. / B28871192	Subministro por aluguer e transporte de módulos de aseos, duchas, contenedores e despachos para o Festival de la Luz 2015. Adx. Contrato menor Decreto 162/15 de 24/04/15	18.454,56 €
FE15321182164332-03/09/15 FE15321184399785-30/09/15 FE1532118439978430/09/15 FE1532118386542823/09/15 FE1532118386542923/09/15 FE15321183865430	Gas Natural Servicios SDG, S.A. / ESA08431090	Recibo alumeado público Gándara período 14/07/15 ao 14/08/15 Recibo piscina período 15/08/15 ao 16/09/15 Recibo campo de fútbol período 15/08/15 ao 16/09/15 Recibo albergue período 11/08/15 ao 10/09/15 Recibo colexio período 11/08/15 ao 10/09/15 Recibo residencia período 11/08/15 ao 10/09/15	173,86 € 882,84 € 874,68 € 314,77 € 384,02 € 1.482,44 €

23/09/15 FE15321184399783 30/09/15 FE15321184399782 30/09/15		Recibo polideportivo período 11/08/15 ao 10/09/15 Recibo estación potabilizadora período 15/08/15 ao 16/09/15	180,07 € 2.201,32 €
Relación FACE 2015/2369 ao 2015/2504 Data: 15/10/15 01150911158437 24/09/15 01150911140459 24/09/15 01150911063069 23/09/15	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. / ESA65067332	Recibos alumado público setem- bro 2015 Recibo depósito de Boimil período 14/08/15 ao 16/09/15 Recibo protección civil período 14/08/15 ao 16/09/15 Recibo refuxio de Sendelle perío- do 14/08/15 ao 16/09/15	4.812,94 € 193,56 € 50,32 € 20,64 €
TA5650276234 TA5650267669 TA5650273541 TA5650272968 19/10/15 TA5660267867 TA5660267868 TA5660272493 TA5660273142 TA5660273702 TA5660272655 TA5660276360 TA5660276160 19/11/15	Telefónica de España, S.A.U. / A-82018474	Recibo teléfono residencia e cen- tro de día Recibo teléfono servizos sociais Recibo teléfono centro social mu- nicipal de maiores Recibo teléfono fax Recibo teléfono xulgado de paz Recibo teléfono servizos sociais Recibo teléfono ascensor concello Recibo teléfono fax Recibo teléfono centro social mu- nicipal de maiores Recibo teléfono oficinas concello Recibo teléfono residencia e cen- tro de día Recibo teléfono ascensor da resi- dencia e centro de día	84,30 € 91,86 € 69,89 € 0,00 € 25,99 € 95,73 € 17,50 € 0,00 € 64,54 € 399,30 € 77,48 € 17,40 €

5.2.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE COOPERACIÓN PARA MANTENIMIENTO EN COMÚN DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DOS CONCELLOS DE: BOIMORTO, SOBRADO E ARZÚA

Pola secretaria dáse conta dos antecedentes obrantes neste Concello en relación co servizo de normalización lingüística que mantíña un convenio cooperación entre os concellos de Boimorto, Sobrado e Mesía que foi aprobado en Pleno en sesión ordinaria celebrada con data do 28 de febreiro de 2013 con carácter indefinido ata que unha das partes determine a súa extinción ou modificación.

Ante a nova convocatoria de subvencións provinciais (ano 2016), de concorrencia competitiva dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) publicada no BOP número 221 de data 18/11/2015 onde o importe da subvención aumenta ata un máximo de 12.000 €uros, onde o Concello debe sufragar e asumir como mínimo o 20% dos custos do persoal.

Nesta nova convocatoria incorpórase o Concello de Arzúa e o Concello de Mesía non formará parte da agrupación de Concellos do servizo de normalización lingüística.

A tal efecto redáctase un novo convenio de cooperación para mantemento en común do servizo de normalización lingüística dos concellos de: Boimorto, Sobrado e Arzúa, sendo o texto do mesmo o que figura como Anexo I.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Comunicarlle o Concello de Mesía que deixa de formar parte dende o día 31 de decembro de 2015 do servizo de normalización lingüística recollido no Convenio de cooperación asinado en data 5 de marzo de 2013.

SEGUNDO.- Prestar aprobación o texto do Convenio de cooperación a asinar entre os Concellos de Boimorto, Sobrado e Arzúa que figura como anexo I.

TERCEIRO.- Solicitar subvención ao abeiro da devandita convocatoria a subvención para o mantemento dos servizos lingüísticos cos concellos de Arzúa e Sobrado.

CUARTO.- Nomear o Sr. Alcalde, D. Gonzalo Concheiro Coello, para que en representación do Concello, proceda a realizar as xestións e a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución do presente acordo.

QUINTO.- Sinalar que o Concello de Boimorto recibirá o importe da achega provincial e será o encargado de presentar a documentación para o pagamento e xustificación.

SEXTO.- Tramitar o procedemento previsto no artigo 41 do Estatuto dos Traballadores para facer efectiva a modificación do contrato da técnica de normalización lingüística pasando a prestar os seus servizos en conxunto para os concellos de Boimorto, Sobrado e Arzúa. A efectividade desta modificación terá data 1 de xaneiro de 2016.

SÉTIMO.- Segundo as bases específicas desta convocatoria a traballadora Sylvia Cea Vázquez verá incrementado o seu salario e pasará a percibir pagas extras.

OITAVO.- Notifíquese o presente decreto a Dna. Sylvia Cea Vázquez indicando que a efectividade desta modificación terá data 1 de xaneiro de 2016

ANEXO I

CONVENIO DE COOPERACIÓN PARA MANTEMENTO EN COMUN DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DOS CONCELLOS DE: BOIMORTO, SOBRADO E ARZÚA.

En Boimorto a

REUNIDOS

Dunha parte, D. Luís Lisardo Santos Ares , en nome e representación do Concello de Sobrado.

Doutra parte, D. José Luís García López en nome e representación do Concello de Arzúa.

Doutra parte, D.Gonzalo Concheiro Coello, en nome e representación do Concello de Boimorto.

Todas as partes na representación que ostentan recoñécense mutuamente capacidade para celebrar este acto de conformidade co artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro.- Os Concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

As fórmulas de colaboración entre as administracións públicas quedan fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, como declara expresamente o artigo 4.c) desta norma e poden servir de instrumento para prestación dos servizos públicos sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou os principios de boa administración. Son patentes as economías que se conseguen na prestación conxunta dos servizos, polo tanto, tamén o serán baixo a fórmula típica de utilizar os servizos que ben prestando o concello limítrofe. Conclúese, polo tanto, que os Concellos de: Boimorto, Sobrado dos Monxes e Arzúa poden subscribir un convenio para o mantemento conxunto dun servizo de normalización lingüística sen crear un novo ente con personalidade xurídica, no marco do establecido nos artigos 3.1 e 6 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nos artigos 6, 10 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases do réxime local.

Vista a comunicación de data 18/11/2015 da Deputación Provincial da Coruña – Presidencia da Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística- no que se informa que no orzamento deste organismo para o exercicio 2016 inclúese a partida para facer fronte ás subvencións do Convenio de cooperación cos concellos para o financiamento de creación ou mantemento do servizo lingüístico, mantendo o servizo de normalización lingüística en conxunto cos tres concellos: Boimorto, Sobrado dos Monxes e Arzúa.

Segundo.- A través do presente convenio preténdese crear unha agrupación sen personalidade xurídica necesaria entre os Concellos de Boimorto e os de Sobrado dos Monxes e Arzúa para a creación e mantemento en común dun servizo de normalización lingüística conxunto.

Terceiro.- O Concello de Boimorto ten un servizo de normalización lingüística creado cun técnico contratado e que forma parte da Rede de Dinamización Lingüística que pretende poñer en común para prestación conxunta deste servizo. Os Concellos de Sobrado dos Monxes e Arzúa carecen do Servizo de Normalización Lingüística. Esta carencia está motivada pola falta dun técnico de normalización lingüística en cada un destes Concellos. Consideramos unha medida importante a creación deste servizo para a agrupación antedita debido á proximidade existente entre cada un deles, facilitando desta maneira as funcións do servizo tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

En base ao exposto, e coa finalidade de crear e manter en común o servizo de normalización lingüística para Boimorto, Sobrado dos Monxes e Arzúa, acórdase a subscripción do presente convenio administrativo conforme ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O Concello de Boimorto permitirá que o persoal contratado no seu servizo de normalización lingüística sega formando parte da agrupación con Sobrado dos Monxes e Arzúa no marco da colaboración pactada e preste os seus servizos en conxunto para os tres concellos. O técnico de normalización lingüística realizará as funcións técnicas que aparecen determinadas na base 3ª da convocatoria publicada pola Deputación Provincial en cada un dos concellos agrupados a través deste convenio de colaboración, establecéndose a sede principal e oficina do servizo de normalización conxunto na casa consistorial do Concello de Boimorto.

Segunda.- O alcalde de Boimorto será o encargado de tramitar as solicitudes de subvencións ante os organismos competentes sendo, así, o Concello de Boimorto o perceptor tanto da subvención da Deputación Provincial como da Xunta de Galicia en caso de que saian convocadas. O Concello de Boi-

morto pagará as nóminas do técnico contratado que pasa a prestar os seus servizos en todos os termos municipais. Todas as actividades deste servizo desenvolveranse en todos os termos municipais que están agrupados. A representación da agrupación de Concellos corresponderá ao alcalde de Boimorto, compartindo os tres Concellos as obrigas de aportación de novos e necesarios medios materiais, persoais, instalacións necesarias para o bo funcionamento do servizo sen asumir o Concello de Sobrado dos Monxes nin o Concello de Arzúa ningún tipo de obriga económica en relación cos custos de nóminas do persoal actualmente contratado.

Terceira.- Ao abeiro deste convenio non se crea ningún ente independente novo con personalidade xurídica propia. Tanto o Concello de Boimorto como Sobrado dos Monxes pertencen á Rede de Dinamización Lingüística e o Concello de Arzúa tramitarase.

Cuarta.- A organización do novo servizo rexerá polo establecido neste convenio, así como, por calquera outra cláusula previamente pactada que modifique a actual redacción, fixando as directrices do funcionamento diario o Alcalde de Boimorto como representante da agrupación destes tres Concellos.

Quinta.- O presente convenio rexerá dende o 1 de xaneiro de 2016 e terá carácter indefinido ata que unha das partes determine a súa extinción ou modificación.

E para que así conste, en proba de conformidade, os asistentes asinan este convenio por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O alcalde de (Sobrado):

O alcalde de (Arzúa):

Asdo.- Luís Lisardo Santos Ares

Asdo. José Luís García López

O alcalde de (Boimorto):

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello

5.3.- SOLICITUDES SERVIZO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: María Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 26/11/2015

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia e podoloxía as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- LÓPEZ MONTERO ERMITAS - FISIOTERAPIA VALORACIÓN TÉCNICA

a) Consta informe médico que acredita necesidade

- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

2.- GONZÁLEZ PEDREIRA ISABEL - FISIOTERAPIA
VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

3.- GARCÍA MONTAÑA MERCEDES - FISIOTERAPIA
VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

4.- GARCÍA CARNEIRO ELISA - FISIOTERAPIA
VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

5.- COSTOYA VARELA BENIGNO - FISIOTERAPIA
VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
